



DECRETO

Polo presente, no uso das atribucións establecidas no artigo 21.1.c) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/03, do 16 de abril, de Medidas para a Modernización do Goberno Local; no artigo 61.1.c) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; e no artigo 41.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a dispoñer:

PRIMEIRO.- CONVOCAR A SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE FORCAREI, a celebra-lo vindeiro DÍA 19 DE XUÑO DE 2015, VENRES, que terá lugar no salón de Plenos da Casa do Concello as DOCE HORAS (12,00 horas) en primeira convocatoria e dous días despois, en segunda, entendéndose convocada automaticamente.

SEGUNDO.- Comuníquese ós concelleiros da Corporación de Forcarei, pónhase a súa disposición o expediente da sesión e cumpíranse tódalas determinacións vixentes na materia, segundo o artigo 81 do R.O.F.

De conformidade co disposto no artigo 12.1 do R.D. 2568/86, do 28 de novembro, deberase comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, na Secretaría do Concello.

A sesión celebrárase co arreglo ó seguinte:

ORDE DO DIA

- 1.- Periodicidade das sesións plenarias.
- 2.- Creación da Xunta de Goberno Local, e delegación de competencias plenarias na mesma.
- 3.- Creación da Comisión Especial de Contas
- 4.- Creación da Comisión de Honores e Distincións
- 5.- Aprobación da adicación exclusiva da Alcaldía
- 6.- Nomeamento de representantes da Administración Municipal en órganos colexiados
- 7.- Dación de conta do acordo polo que se asigna a denominación "SOUTELO DE MONTES" a unha rúa do Concello de Madrid.
- 8.- Dación de conta, ó Pleno, o Informe de Secretaría- Intervención, de data 20/05/2015, sobre avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto na liquidación do orzamento 2014, e necesidade da aprobación dun P.E.F.

Así o acorda e dispón a Sra. Alcaldesa-Presidenta, ante min, a Secretaria Xeral, en Forcarei a 16 de xuño de 2015

Ante min
A SECRETARÍA

Asdo.: M^a Elena Sueiro Fernández

A ALCALDESA

Asdo: Belén Cachafeiro Anta